

Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

ACTA

Acta aprobada na sesión 24/10/2019

Data	14/03/2019		
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.		
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	19:45h
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Presidenta, Olga Alonso Suárez • Vicepresidente: Antonio Vázquez Vázquez • Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias - Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> • Daniel García Reigosa • Purificación Bernárdez Álvarez • Cristina López Lobariñas • Santiago Rodríguez Sánchez • María Teresa Freijido Román - Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> • Mª Jesús Granja Pereira • Mª Bertila Fernández Pérez • Miguel Álvarez Parada • Yolanda González Larrañaga - Sector social: <ul style="list-style-type: none"> • Pilar Álvarez Rey • Isabel López Lorenzo • Antonio Vázquez Vázquez • Óscar Álvarez Gallego 		
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> • Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez • Sector docente: Eugenio de la Iglesia Delgado • Sector docente: Anxos Collazo Trigo • Sector docente: Eudosia Deza Soto • Sector docente: Rafael Lestón Vázquez • Sector docente: Agostiño Nieto • Sector usuarios: Luisa Rivas García • Sector usuarios Fernando Vázquez González • Sector social: Luis Vilán Crespo 		

	<ul style="list-style-type: none"> •Sector social: Xabier Pérez Igrexas •Sector social: José Manuel Rodríguez Lago
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> •Sector social: María José Ramos Martínez •Sector social: Non hai representante de ensinanzas artísticas •Sector social: José Álvarez Carpintero
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila_Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV.

Orde do día

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe da Presidencia do CEMV
3. Informes das Comisións de Traballo.
4. Propostas de mocións.
 - Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade dunha nova proposta de zonificación.
 - Moción de Foanpas a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre cubrición de patios dos Centros educativos.
 - Moción de Foanpas a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a temperatura inadecuada nas Escolas Infantís Municipais.
5. Rogos e preguntas.

Intervencións realizadas e acordos adoptados

1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores

Procédese á votación da acta que previamente se enviou a tódolos membros do Pleno para a súa lectura.

Acordo

Acórdase aprobar a acta da Xuntanza Plenaria do 22 de novembro de 2018

2.- Informe da Presidencia do CEMV

A Presidenta informa da incorporación de Miguel Álvarez Parada, como representante de FOANPAS e de Óscar Álvarez Gallego como representante da Federación veciñal Eduardo Chao.

Continúa explicando que se están acometendo moitas obras en centros: acondicionamento nos patios de xogos, reparación nas fachadas dos edificios, impermeabilizacións, reparacións de peches e gretas, substitución de pavimentos, tala de árbores, desbroces de malezas,... Aínda que algunhas destas cousas lles corresponde facelas aos centros cos cartos destinados para autoxestión, como son conscientes de que o orzamento non dá para todo, di que desde o Concello botan unha man no que poden. Con respecto a isto, explica que a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 28/02/2019 aprobou o expediente do programa de Autoxestión de centros, polo que contan con que os centros poderán dispoñer este diñeiro antes que outros anos. Informa de que se seguen a facer obras con cargo ao programa "Vigo Emprega", e que sobre todo son reparacións de baños. Explica que se están facendo neste momento nos CEIPs Balaídos, Ría de Vigo, Lavadores Pombal, Vicente Risco, Lope de Vega, Pintor Laxeiro e García Barbón. Comunica ademais que se está ultimando a tramitación do convenio con FOANPAS e que se acaban de incorporar por un período de 6 meses (dende o 11 marzo ao 10 setembro de 2019) porteiros vixiantes en 17 centros de ensino. A Presidenta explica que xa se aprobou a lista dos 96 alumnos/as da EOI que terán unha bolsa para unha estadía de inmersión lingüística nun país estranxeiro: Reino Unido, Irlanda, Francia, Alemaña, Austria, Italia, Portugal, Xapón e China, e indica que non quedou ninguén en lista de agarda. En canto ao programa Vigo en Inglés, explica que xa van ter a reunión coas familias dos adxudicatarios. Di que ofertaran 750 prazas e que houbo 1043 solicitudes, das cales nunha baremación inicial provisional sobre 95 non cumpren os requisitos para poder participar. Explica que é un proceso bastante complexo xa que ademais de revisar a documentación e comprobar que se cumpren todos os requisitos, hai que baremar as rendas familiares para ver que achega debe facerse en cada caso, e lembra que como moito un alumno achegará 600€, que sería unha cuarta parte do custo total. Como houbo tantas solicitudes e o Alcalde se comprometeu a levar a todos os rapaces, procedeuse a tramitar unha modificación dun 10% do prezo do contrato para

ampliar 147 prazas, o que implicará unha oferta final de 897 prazas. Explica que así é probable que se quede sen lista de agarda, entre os que non cumpren os requisitos e a porcentaxe dos que normalmente renuncian á praza. En todo caso, no seguinte Pleno informarán de cómo acabou o proceso.

En canto aos programas educativos explica que nese mesmo día comezou o programa educativo “Vigohistoria 2019: A Reconquista de Vigo”, no que participarán do 13 de marzo ao 5 de abril 500 escolares de 5º e 6º de primaria de 11 centros nunha iniciativa didáctica que desenvolverá visitas guiadas a través dun percorrido didáctico por aqueles espazos máis sinalados do Barrio Histórico e que teñen relación coa Batalla da Reconquista. Explica que se continúa cos programas “Coñece o teu Concello” dirixido sobre todo ao alumnado de 5ºe 6º de Ed. Primaria e 1º e 2º da ESO e que é moi demandado e co programa “Vigo Educa” que cada ano se queda pequeno. Informa de que se segue co programa municipal “Música na Escola” e cos concertos didácticos que se ofrecen desde a EMMV e desde a ETRAD. Explica que para estas actividades desde Educación poñen os autobuses para que o desprazamento do alumnado sexa gratuíto. Asemade farase a semana de teatro en colaboración coa Escola Municipal de Teatro. A EMAO está funcionando tamén moi ben, facendo incluso cursos monográficos. Sobre a aula de lectura da UNED situada no Auditorio comenta que está funcionando de marabilla, cun horario moi amplo, de 9h a 21h de luns a domingo e cun elevado número de usuarios

Con respecto ás escolas infantís, lembra que aínda se está no prazo de solicitude de praza, que remata o 27 de marzo. Di que hai tres horarios dispoñibles, mañá, tarde e continuo, e que están exentas de pago de matrícula e mensualidade as familias con renda per cápita mensual de ata 327,83 euros, unha cifra que se eleva a 512 euros, no caso de familias numerosas. Informa de que as listas provisionais estarán dispoñibles o 13 de maio nos taboleiros das escolas infantís e na web, as listaxes definitivas publicaranse o 7 de xuño e o prazo de matrícula estenderase dende o 10 ao 21 de xuño.

O Secretario informa de que está previsto que se renove a composición deste órgano, que procede agora, pero que se vai demorar, xa que coas vindeiras eleccións municipais haberá un cambio na Presidencia. Explica que a inicios do seguinte curso se comezará este proceso de renovación. En todo caso, quere aproveitar para agradecer a labor de Olga Alonso como Presidenta, agradecemento que subscriben o resto dos membros do Pleno.

3.- Informes das Comisións de Traballo.

INFORME DA COMISIÓN DE EQUIPAMENTOS E PLANIFICACIÓN EDUCATIVA:

O plan de traballo deseñado por esta comisión para o presente curso centrábase na zonificación e nas infraestruturas e equipamentos dos centros educativos.

Canto á zonificación, a Xefatura Territorial de Educación difundiu recentemente que tampouco a acometería neste curso, xa iniciado o proceso de admisión, por faltas referidas á natalidade e ao transporte. Esta comisión considera esta actitude todo un despropósito a sumar á ausencia de diálogo e transparencia e un desprezo a todas as resolucións emitidas por este Consello.

Alguns outros dos temas abordados seguen pendentes de solución satisfactoria, especialmente:

- o entorno do CEIP Ramón y Cajal e Albergue Municipal
- informe municipal para o cambio de nome do CEIP Virxe do Rocío
- informe sobre oferta/demanda de EEls municipais

Outros asuntos, como a limpeza dos comedores e atención específica ao alumnado que a precise, necesitarán ser verificados no que queda de curso.

A Presidenta explica que, con respecto aos temas que plantexan, si é certo que se están tratando pero non hai unha solución definitiva. Por exemplo, con respecto ao entorno do CEIP Ramón y Cajal e Albergue Municipal, di que se está facendo unha reforma integral no entorno pero que si é verdade que falta moito por facer, sobre todo con respecto á actividade que se desenvolve no Albergue. En canto ao do CEIP Virxe do Rocío di que non hai cambios. Sobre o que se solicita acerca das escolas infantís, di que ata o 27 non teñen os datos pero cando os teñan que llos pasarán á Comisión. Di que como norma xeral a quenda de tarde soe ter vacantes pero a quenda da mañá soe ter problema de prazas. No tocante ao tema da limpeza dos comedores, explica que tiveron unha reunión con tódalas partes, a empresa adxudicataria da limpeza dos centros, Foanpas, a empresa de catering e o Concello e que estiveron analizando a situación. Agora estase intentando buscar a solución. Sobre o tema da zonificación, só quere lembrar que o ano anterior foi o primeiro que desde a Xunta se pediu información ao Concello con respecto a datos de poboación e natalidade e que se lle remitiu esa información, así que iso de que non teñen datos non é verdade. En canto a este tema di que lle preocupa moito, que parece que

están facendo a zonificación de xeito encuberto, de feito a algún centro que cando saíu o borrador se lle dixera que pensaban quitarlle unha liña, agora parece que lla van quitar igualmente. Dá a sensación de que para cando empece o curso que ben xa van estar feitos os cambios.

INFORME DA COMISIÓN PEDAGÓXICA E DE INNOVACIÓN EDUCATIVA:

A Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa organizou as Xornadas “Convive Xogando” no mes de febreiro. Partiu-se do programa que se cancelara en maio de 2018 e adaptouse aos únicos dous días que estaba dispoñible o Auditorio Municipal. Tratouse de convidar a deportistas con diferentes perfiles cada día para poder dar unha visión o máis completa ao alumnado. O Programa quedou do seguinte xeito:

25 de febrero

Modera: Bertila Fernández

- Agustín Alejos. Xogador do AMFIV e xogador da selección española masculina de baloncesto en cadeira de rodas.
- Elena Casal, árbitra de 1ª División Feminina de Fútbol e de 3ª División Masculina e Borja Arca, responsable de árbitros de fútbol sala de Vigo
- Anunciación Davila, Tita. Adestradora de fútbol e balonmán.

26 de febrero

Modera: Antonio Vázquez

- Javier Pitillas, Gerardo Fernández e Javier Fernández. Proxecto Discamino.
- Cristina Cantero. Adestradora Celta Zorka Basket Feminino.
- Begoña Fernández. Ex capitá da selección española femenina de balonmán.

A convocatoria foi exitosa, cubríndose a totalidade das prazas os dous días coa participación duns 600 alumnos e alumnas dos seguintes centros educativos:

- CEIP Balaídos
- CEIP O Sello
- CEIP a Doblada
- CEIP Frián Teis
- CEIP Coutada Beade
- IES Rosais 2

- IES Alexandre Bóveda
 - CEIP Seis do Nadal
 - CEIP Eduardo Pondal
 - CEIP Valle Inclán
-

M^a Jesús Granja explica que Agustín Alejos, aínda que estaba no programa, non puido ir porque tivo problemas de saúde á última hora. Di que desde a Comisión están moi contentos co resultado final das xornadas. Explica que se xerou un ambiente boísimo, que o alumnado participou moi activamente e que o nivel de satisfacción tanto dos centros participantes como dos relatores e da organización foi altísimo. Olga comenta que efectivamente foi moi complexo poder organizar esta actividade pero que ela que estivo presente, só nun dos días por culpa da axenda, disfrutou moito da actividade, que o alumnado se portou moi ben, que se viu que viñan co tema moi traballado desde a aula e que o clima era boísimo. Comenta que os profesores lle transmitiron que a iniciativa foi moi boa e lle pediron que se siga traballando na convivencia.

Bertila di que para ela foi unha experiencia moi positiva e que as familias teñen neste campo da convivencia e deporte en moitos casos un semáforo vermello e que hai moito que traballar, porque os pais e nais teñen que ser o exemplo dos nenos e nenas, e saber transmitirille os valores da convivencia. Di que para ela foi moi importante como se tratou o tema da igualdade nas xornadas, pensa que ter levado a unha árbitra foi un acerto, xa que enganhou moi ben ao alumnado e descubriron moitas cousas que descoñecían sobre a arbitrase a través dunha muller, foi un gran descubrimento. Fixéronlle moitas preguntas e vese que tiñan moitas dúbidas sobre o traballo que estes desempeñan. E logo o resto das mulleres, deportistas de elite que estiveron dando a súa visión. Todas elas transmitiron grandes valores e humildade no deporte. Bertila comenta que o único que se botou en falta, posto que foron unhas xornadas moi boas e de nivel, e a repercusión nos medios de comunicación, co cal non se visibilizou nada o traballo feito. Olga Alonso comenta que se mandou nota de prensa e que incluso se volveu a mandar desde gabinete de alcaldía. Di que ademais o Alcalde estivo presente, e iso sempre fai que os medios estean máis pendentes, pero nin así publicaron nada. Bertila di que non o entenden porque desde Foanpas fan actividades e os medios sempre acoden pero que lle dá a sensación que o que fai o Consello Escolar Municipal non interesa. Solicita que para vindeiras ocasións se faga máis fincapé nisto. Pilar Álvarez comenta que algúns directores lle comunicaron que non se fixeran en moi boa data, xa que era a semana anterior ao

Entroido e moitos coles non puideron participar porque estaban con preparativos. M^a Jesús Granja di que son conscientes disto, pero vendo o calendario, a axenda dos deportistas e a dispoñibilidade do Auditorio estas eran as únicas datas posibles. Di que a ela xustamente unha profesora das que asistiu lle comentou esta circunstancia, que lles supoñía un esforzo asistir porque estaban cos preparativos do Entroido, pero cando se foi da actividade lle transmitiu que pagara a pena asistir. Antonio Vázquez di que ademais na comisión se valoraron as datas durante moito tempo e se fixo a consulta con algúns centros e ninguén lle manifestou que non foran as idóneas. Olga lembra que en todo caso, o Auditorio estivo cheo os dous días. M^a Jesús comenta que ademais se aproveitou a xornada para a presentación do Decálogo de deporte e convivencia e que se lle entregou a tódolos participantes como agasallo. Pedro M^a Vázquez explica que os carteis restantes se enviarán aos demais centros educativos que non participaron e ás escolas deportivas.

4.- Propostas de mocións.

1.- Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade dunha nova proposta de zonificación.

ANTECEDENTES:

Tras sete anos de reclamar un mapa escolar e a renovación da zonificación de Vigo, e do rexeitamento de diálogo e participación nos dous últimos cursos por parte da Xefatura Territorial de Educación, este Consello Escolar Municipal considera todo un despropósito e un desprezo inadmisíbeis a postergación, unha vez máis, da publicación da proposta de renovación da zonificación escolar de Vigo.

TEXTO:

O Pleno do CEMV de Vigo segue reclamando con tempo suficiente de exposición pública, e con diálogo, unha proposta de actualización da zonificación de Vigo con todos os datos e recursos que condicionan a escolarización.

Bertila explica que se presentou por rexistro un documento consensuado por todo o grupo de zonificación da cidade contestando ás declaracións que saen en prensa, porque directamente non lles enviaron nada, e non houbo resposta. Informa de que ao día

seguinte se vai celebrar unha concentración en Navia. Santiago explica que lle preguntou ao Xefe Territorial dúas veces acerca dese comunicado. Di que a primeira vez lle comentou que acababa de recibilo e a segunda vez dixo que non tiña nada que dicir ao respecto. Antonio Vázquez pensa, como xa dixo anteriormente Olga, que están levando a cabo a zonificación que pensaban pouco a pouco, pola vía dos feitos consumados. Pon o exemplo dalgún centro como o IES de Teis onde non saíu ningunha praza a concurso de traslados de asignaturas de comúns o que indica claramente que as ensinanzas de comúns van desaparecer. Parece que cambiaron a táctica, en vez de convocar á xente para explicarlle a nova zonificación, dan a calada por resposta e van acometendo os cambios. Santiago di que na última xuntanza, a Xefatura Territorial con respecto ao caso do IES de Teis lles dixo que a previsión a curto prazo é seguir coa ESO no centro. Olga pensa que o que se di é unha cousa e os pasos que se dan parecen ir noutra dirección. Explica por exemplo que os centros desde o ano anterior poñen nunha aplicación o número de prazas que ofertan para o seguinte curso pero este ten que aprobalo inspección, e saben que nalgúns casos xa lles están dicindo que teñen que eliminar X prazas, xa están eliminando liñas. Co cal xa están facendo modificacións que ademais parecen coincidir co borrador que se presentara. Di que no caso do CEIP Lope de Vega por exemplo, a dirección do centro en Consello Escolar informou de que lle ían sacar unha liña completa, aínda que a inspectora que lle corresponde a Olga lle asegurou que non o ían facer. O caso é que hai movementos.

Acordo

Acórdase aprobar a moción sobre a necesidade dunha nova proposta de zonificación con 13 votos a favor e 1 abstención

2.- Moción de Foanpas a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre cubrición de patios dos Centros educativos.

ANTECEDENTES

Un dos momentos de maior importancia durante a xornada lectiva das crianzas é o recreo. Este tempo de asueto dos/as escolares é o momento ideal para que as crianzas desconecten das clases e poidan gozar, xogar e gastar a súa enerxía de forma distinta. As persoas expertas aseguran que o tempo de recreo ofrece ao alumnado beneficios

físicos, cognitivos, sociais e emocionais xa que facilitan o desenvolvemento de habilidades para que os/as menores resolvan relacións complexas cos/as compañeiros/as, aprendan a compartir e traballen en equipo.

As condicións meteorolóxicas de Galicia provocan que sexan moitos os días nos que non sexa posible gozar do tempo de recreo no exterior, o que obriga a que haxa un espazo cuberto que teña as características necesarias para favorecer o espaxamento das crianzas.

Na nosa cidade son moitos os centros que carecen dun patio cuberto ou unha zona cuberta acondicionada, polo que o tempo de recreo transcorre nas aulas, nos corredores ou noutros espazos pechados reducidos.

A cuberta dos patios é competencia da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia, pero nos últimos tempos é o Concello de Vigo a administración que está a facer esta labor. Faise necesario e urxente cubrir os patios de todos os centros que o precisan e que o faga ben a Consellaría directamente, ben a través de convenios con outras administracións que o fagan (Concello ou Deputación).

TEXTO:

Polo exposto, a Comisión de Equipamentos solicítalle á Consellería de Educación:

Que proceda á cuberta de zonas exteriores dos centros que o precisen para que todos os días do curso o alumnado poida gozar do tempo de recreo.

M^a Jesús Granja explica que esta moción se elaborou a raíz de que saíra publicado no xornal que había centros da cidade con dificultades para levar a cabo o recreo nos días que chove, que non teñen espazo para desenvolvelo. Di que tras consultalo coas ANPAS, foron moitas as que lles comunicaron que si, que precisan un lugar cuberto para este tempo de lecer. A Presidenta comenta que neste momento hai 3 patios que cubriu o Concello: CEIP Carballal, CEIP Navia e CEIP Virxe do Rocío. Di que ademais se está executando o do CEIP Canicouva e que xa está adxudicada a obra do CEIP García Barbón. Comenta que os seguintes serán o do CEIP Pintor Laxeiro e Balaídos, que están en fase de tramitación, e que logo hai 14 centros en lista de agarda. Lémbrale aos presentes que esta non é unha tarefa que lle competa ao Concello, que lle corresponde á Administración pero como esta non está cumprindo teñen que ir asumindo eles. Yolanda González pregunta como se decide a que centro se lle cubre o patio, xa que o García Barbón xa ten un pavillón e ao mellor con iso podían ir tirando e hai outros centros que non teñen nada. Olga explícalle que en principio se fixo por orde de peticións, xa que non

eran moitos os centros que o solicitaban e cando empezaron a entrar máis solicitudes, tiveron que ir establecendo un orden dependendo das características de cada caso, así por exemplo, un dos primeiros da lista é o Vila Laura porque é un dos centros máis grandes de infantil de toda Galicia, con 300 nenos e nenas de infantil, que teñen que ter un patio onde saír. En concreto o do García Barbón fíxose porque é o único centro público que queda no centro da cidade e que aínda que ten un ximnasio e uns soportais, pero non é suficiente para sacar aos 500 alumnos que ten. Neste caso non pediron que se cubrira todo o patio, senón unha pista pequena que hai pegada ao ximnasio. Antonio Vázquez di que o que lle gustaría salienta, e xa se dixo na Comisión de Equipamentos, é a falta de sensibilidade por parte da Consellería que é a responsable de facer este traballo e non o fai. Teñen as peticións dos centros, e teñen inspectores que van aos centros e saben cal é a situación. É entendible que non poidan cubrir da noite á mañá todos os patios que o solicitan, pero si se pode facer un plan a medio prazo, e incluso establecendo colaboracións con outras Consellerías, como xa se fixo noutras épocas, ou coas Deputacións. É triste que sexa o Concello o que teña que asumir isto que non é a súa competencia e que se queren cubrir todos os patios lles pode levar 15 ou 20 anos. Pilar Álvarez di que a Consellería si asume obras nos centros, que por exemplo no que ela dirixe e nalgún mais xa cambiaron toda a cuberta, e que sacaron todo o amianto. Daniel García comenta que nese caso é algo obrigatorio, que teñen a obriga de quitar o amianto ao que Pilar responde que é obrigatorio pero que levan anos pedíndoo e ata agora non se fixo. Antonio Vázquez explica que no 2009 quedou feita unha planificación segundo prioridades para cambiar todas as cubertas en 8 anos, e xa pasaron 10 anos e pouco fixeron. Explica que hai casos como o do IES de Teis onde naquel momento se pechou unha pista polideportiva e a seguinte fase era pórllle paredes laterais e convertelo en ximnasio e xa non se fixo polo que o centro, a día de hoxe, non ten ximnasio e ten que usar o pavillón municipal. Está claro e non se pode negar que desde o 2009 a Consellería fixo cousas, solo faltaría que non fixera nada, pero o que fixo é máis ben pouco. O tema dos patios é moi necesario en toda Galicia, polo tanto a Consellería terá que buscar orzamentos especiais para facer isto. No curso 2004-2005 por exemplo na provincia de Lugo fíxose un plan entre Consellería de Deportes, a de Educación e Deputación de Lugo, polo que se cubriron todas as pistas deportivas nas zonas con peor situación climatolóxica, e gobernaba daquela o PP. Así que se se quere, se hai vontade, pode facerse o mesmo. Está claro que non van facer todas as obras xuntas, pero para algo hai inspectores e unha unidade técnica. Teñen que establecer prioridades, avaliar centro por

centro, e unha vez que se saiba o custo total, facer un plan a X anos e ir avanzando. O que non pode ser é que cousas que estaban nun plan en 2009 sigan sen facerse, e que non haxa intención de facelas. Ademais, lembra que na última campaña electoral, con respecto ao tema da zonificación, o Consellerio de Educación e o Presidente da Xunta viñeron a Vigo e fixeron un vídeo prometendo un IES para Navia, e agora din que non fai falta, que os alumnos que non teñen aquí cabida van a Valadares e listo. En xeral están facendo o que lles dá a gana sen dar explicación de ningún tipo. E volvendo ao tema dos patios, Antonio Vázquez explica que esta moción se fixo a raíz dunha noticia que saíu na prensa expondo a problemática, e que nin sequera sairon a contestar na prensa. Só dan a calada por resposta. Na mesa sectorial, na mesa provincial,... en todas partes dan a calada por resposta dando a impresión de que están esperando a que o Concello vaia facendo as obras e lles vaia resolvendo a papeleta. Daniel Álvarez di que concorda coa moción porque é obriga da Xunta cubrir os patios pero claramente non é unha prioridade política, polo que se están valendo da boa vontade do Concello que neste caso está asumindo unha competencia que non é súa, igual que pasa coas bolsas de estudos que é unha competencia autonómica e está asumindo o Concello. En canto ao que se comentou da uralita e amianto, nese caso ademais de ser unha obriga, é unha obriga legal xa que se trata dunha substancia canceríxena. Di que non vai felicitar á Xunta porque cumpran con algo que é a súa obriga, garantir a saúde nos centros de ensino, e que ademais tardaron demasiado en facelo e o están facendo por sentenza xudicial. Pilar di que ela non o comentou para felicitar a Xunta, pero o certo é que si hai obras en patios e comedores que as están facendo, e non hai que negalo, ao marxe de que a súa política non sexa a mellor e ela non estea de acordo co seu proceder. Di que ela é perfectamente consciente da situación, que por parte do Concello se lles pregunta se precisan algo, se reúnen con eles,... cousa que a Xunta non fai.

Óscar Álvarez comenta que no caso do centro onde están os seus fillos, o CEIP Altamar, foi a Xunta a que se encargou de facer un comedor novo e 4 aulas novas de infantil. Di que estiveron o Conselleiro e o Xefe Territorial e se comprometeron a facer as obras e en 2 anos estaban feitas. Olga Alonso di que pensa que se está confundindo xa que neste centro, quen fixo as obras todas foi o Concello. Óscar di que non, que foi a Xunta quen se encargou de todo, que el mesmo foi quen estivo levando o tema. E que cando estaban as obras case acabadas estivo Ignacio López Chaves visitando as obras. Antonio Vázquez di que en todo caso, se as obras as fixo a Xunta que é o mínimo que ten que facer, é a súa

responsabilidade. Bertila di que con respecto á Xunta hai que falar alto e claro e a xestión que se está a facer é nefasta. Estanse negando a facer obras para garantir a accesibilidade, ascensores sen maquinarias, outros que nunca se puxeron en marcha,... calquera cousa que se lle pide a Consellería non hai resposta e se a hai é negativa. O único que fan é porque os obriga a lei. Isabel López pregunta se no CEIP Dr. Fleming teñen patio. A Presidenta responde que si, que teñen do outro lado da carreteira un patio cuberto que o cubriu a Consellería. Isabel di que lle chama moito a atención ver que cortan a rúa para pasar os nenos ao outro lado, que lle parece preocupante. O Secretario di que xusto por este motivo agora se vai recuperar ao lado do Centro unha estrutura que había e se vai converter nun centro deportivo, e que este centro educativo vai ter prioridade para usalo en horario lectivo.

Para rematar o debate, a Presidenta di que a administración debe ter unhas prioridades e ten que traballar nelas. Di que para ela unha das prioridades é a Educación e para que esta sexa de calidade fan falta entre outras cousas unhas instalacións de calidade, e os centros educativos da cidade son os de primeira construción, algún xa ten 70 anos e moitos xa teñen os 50. A Administración ten que ter claras as súas competencias e as competencias en canto a instalacións son plenamente autonómicas, non hai discusión de ningún tipo. Non é cuestión de que se estea pedindo algo que non se teña que ter. O que demanda esta cidade é que as instalacións educativas públicas estean en boas condicións. Estanse facendo cousas pero o que non existe é un plan de actuación a longo prazo. Lémbbralles que no 2009 se fixo un estudo rigoroso de todas as instalacións dos centros educativos da cidade indicando as melloras necesarias. Con ese estudo foi o alcalde a reunirse co presidente, Touriño naquel momento, e o compromiso foi de ir facendo esas melloras. O Concello ofreceuse a poñer a metade do diñeiro necesario, pero chegou o cambio de Goberno na Xunta e non se seguiu o plan. Con Feijoo cónstalle que lle presentou as peticións dos patios cubertos e o Concello se comprometeu novamente a facer a metade, pero a Xunta non accedeu. Só se está pedindo o que corresponde. Procédese a votar a moción.

Acordo

Acórdase aprobar por unanimidade a moción sobre cubrición de patios dos Centros

3.- Moción de Foanpas a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a temperatura inadecuada nas Escolas Infantís Municipais.

ANTECEDENTES

A educación é un pilar fundamental no desenvolvemento das persoas, a todos os niveis: físico, psíquico, emocional, afectivo, social, persoal, etc. É por isto, que as condicións nas que se dea son fundamentais para garantir o óptimo desenvolvemento de cadaquén.

Alguns dos edificios das escolas infantís municipais, polas súas características ou situación, provocan que cando fai calor se acaden temperaturas moi altas. Isto provoca que estancias e aulas das escolas non se poidan utilizar, xa que sería prexudicial para as crianzas de 0 a 3 anos matriculadas nas escolas.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, solicítalle ao Concello de Vigo:

Que busque unha solución para que as escolas afectadas poidan levar a cabo a actividade educativa en óptimas condicións.

Olga explica que teñen problemas en dúas escolas, na EI Santa Marta teñen un problema na escaleira, onde teñen unha cristaleira grande e que fai que se acumule calor. Explica que xa se reuniu coa ANPA e que unha nai que tiña un problema similar no seu traballo, propuxo que se colocara un vinilo que xa había para estes casos e púxose. Non quita o calor ao 100% pero a situación mellorou moito. O outro caso é a EI de Navia, pero neste caso non se pode solucionar con vinilos xa que a escola está orientada ao Sur e ten moita superficie acristalada. Di que isto fai que se acumule calor, pero que se mellora por que teñen aire acondicionado. Valorouse a idea dun toldo exterior pero finalmente desbotouse porque parece que isto non soluciona moito. Di que despois de moito investigar, os arquitectos municipais atoparon cunha empresa que fai instalación de estores de protección solar exteriores que evitarían a entrada de sol. Estase falando duns 15000€ pero que é algo que teñen que afrontar. Purificación Bernárdez pregunta se non se poderían plantar árbores fóra que deran sombra. Pedro M^a Vázquez explica que en todo o entorno da Escola onde é posible se plantou vexetación pero xusto onde hai este problema non se pode porque hai unha terraza.

Acordo

Acórdase aprobar por unanimidade a moción sobre a temperatura inadecuada nas Escolas Infantís Municipais.

Abandona a sesión Cristina Lobarriña

6.- Rogos e Preguntas

Santiago Rodríguez insiste na solicitude que xa fixo anteriormente para que se lle dea para adiante á petición de informe que fixo o CEIP Virxe do Rocío para o cambio de nome do centro. Lembra que o Concello só ten que emitir un informe para que eles poidan seguir coa tramitación e que xa se solicitou ao Concello fai dous anos. Pedro di que hai expediente administrativo vivo sobre este tema, que foi retirado da orde do día do Pleno no seu momento pero que o expediente segue vivo. Santiago di que parece mentira que se aprobe en Claustro e Consello escolar do centro e que chegue ao Concello e se tope cun muro, cando o propio Concello ten o seu departamento de Normalización Lingüística, e que tamén recolle ese topónimo, o Resío. Olga lembra que en primeira instancia non se solicitou iso, que o que pediron primeiro foi sacarlle a connotación relixiosa, e que quedara o Rocío. Santiago di que esa foi a primeira motivación, pero unha vez que empezaron a investigar que chegaron a este topónimo, e non entende como o concello non permite que isto avance. Olga Di que recollen a petición.

Óscar Álvarez comenta que o CEIP Altamar precisa que se pinte e se faga elevado un paso de peóns que hai xusto diante do centro e despois dunha curva. Di que é moi perigoso e que o centro xa meteu a petición por rexistro a tráfico varias veces e non lles fixeron caso. Olga lembra que fai un par de anos se fixo un plan de mobilidade nos colexios e que os responsables de seguridade se reuniron con todos os centros para ver que peticións tiñan ao respecto. É mais, cada vez que se fai unha obra nunha rúa nun entorno dun colexio se fala con este para ver como poden mellorar o entorno e que necesidades teñen. Olga suxire que se remita ao servizo de educación a petición para que eles poidan falar con quen corresponde.

M^a Jesús Granja pregunta por cal é o procedemento cando un porteiro vixiante está de baixa, como foi no caso do CEIP Santa Mariña en Cabral, no que o porteiro estivo de baixa e non se cubriu. Pedro di que desgraciadamente desde persoal non se están cubrindo estas baixas e o que fan é reforzar o servizo con horas extras dalgún

compañeiro en plantilla dun centro próximo, só se cubriu unha baixa que foi un accidente laboral.

19:40 vanse Óscar Álvarez e Pilar Álvarez

M^a Jesús pregunta polos murais que se están pintando nalgúns centros, cal é o procedemento para solicitar que pinten un nun centro. A Presidenta responde que o das medianeiras si que é un programa municipal pero ten unha serie de requisitos: que sexa unha medianeira cara o exterior,... Moitas das solicitudes dos coles non cumpren os requisitos, pero si poden entrar nun programa da Deputación que sae en outubro e no que ademais do pintor ou pintora tamén participa o alumnado. Polo tanto ela recomenda facer a petición no Concello e na Deputación.

Daniel García solicita que na próxima convocatoria se envíe a composición actual do CEMV a tódolos membros. Ademais pregunta se o Concello ten previsto algunha actuación con respecto ao programa “Camiña seguro a escola”, se se vai estender a mais centros este programa e tamén se se vai facer algo con respecto á seguridade nos centros e aos aparcamentos que hai nos centros destinados a deixar e recoller o alumnado. Di que ao principio se vixiaban e se respectaban estes aparcamentos pero que agora xa se usan de xeito incorrecto. Olga explica que o programa de seguridade empezou cuns centros pilotos e logo se estendeu. Di que se falou con tódolos centros e se lles preguntou que necesitaban para mellorar a seguridade. Non sabe se se está actualizando o programa pero di que recollen a pregunta para facela en Mobilidade. Di que as peticións de “Camiña seguro a escola” se están apoiando, pero non é un programa que parte do Concello senón que ten que partir do propio centro. Miguel Álvarez di que eles teñen experiencia no seu centro e que deben facer un traballo previo para ver se a comunidade educativa está de acordo e logo facer unha planificación das rutas que se pode facer. Despois hai que falar con mobilidade e ver se as rutas son posibles, buscar voluntarios,... e dicir, hai un traballo previo importante que o centro ten que facer.

A Presidenta agradece a presenza a todos e sen máis temas que tratar, remata a sesión ás 19:45h.

O SECRETARIO DO CEMV

V^o e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Olga Alonso Suárez